



DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, Secretario Xeral desta Deputación Provincial de Lugo,

C E R T I F I C O: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

RECLAMACIÓNS ADMINISTRATIVAS AO ORZAMENTO XERAL DE 2026, E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Presidente do seguinte teor:

“PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Asunto: Reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral de 2026 e aprobación definitiva

O proxecto de Orzamento Xeral 2026 da Excma. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 25.11.2025, e exposto ao público segundo anuncio no BOP nº 272, do 26.11.2025, por espazo de 15 días hábiles.

Presentouse en prazo, no Rexistro Xeral de entrada, a seguinte alegación:

- O 16.12.2025 co número 2025RT020841 de rexistro, por José Manuel Cebal Varela, en representación do Sindicato CCOO.

Á vista do escrito presentado, e do Informe do Servizo de RR HH, ponse de manifesto a procedencia de desestimar a reclamación presentada contra o Proxecto de Orzamento 2026, polo que en base a dito informe propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º. Desestimar a reclamación presentada por José Manuel Cebal Varela, en representación do Sindicato CCOO.

2º. Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2026, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

...”

Toma a palabra a Interventora para explicar resumidamente o contido da reclamación e a razón do seu desestimento; pregunta o Presidente en funcións aos Deputados se hai algunha cuestión sobre o asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia en funcións, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e

	IV7Q2WLS3Z4OLZH2RQX4KDZPA4	Fecha y Hora	30/12/2025 18:02:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MERCEDES SANTOALLA NAVIA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WLS3Z4OLZH2RQX4KDZPA4	Página	1/2	

Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O PRESIDENTE, EN FUNCÍONS,

Asdo. Efrén Castro Caloto

	IV7Q2WLS3Z4OLZH2RQX4KDZPA4	Fecha y Hora	30/12/2025 18:02:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MERCEDES SANTOALLA NAVIA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WLS3Z4OLZH2RQX4KDZPA4	Página	2/2	